




## ANEXO IV POLITICA DE CALIDADE

O **Centro Integrado de Formación Profesional de COIA**, presta os seus servizos formativos á comunidade, proporciónalle ós traballadores inactivos un recurso para a mellora da súa capacidade de inserción. Por medio da formación nas diversas especialidades homologadas no centro, o alumnado accede a unha mellor capacitación, así como á adquisición das actitudes e habilidades necesarias para promocionarse profesionalmente.

As Accións Formativas levadas a cabo polo **Centro Integrado de Formación Profesional de COIA Vigo** realízanse de acordo cunha política de calidade que se concreta en obxectivos coherentes con aquela, e que está suxeita a revisión e mellora continua, ó igual que a totalidade do Sistema de Xestión. Para elo, o Sistema de Xestión de Calidade do **Centro Integrado de Formación Profesional de COIA**, sempre orientado á satisfacción das necesidades e expectativas dos seu clientes e usuarios, actúa como marco de referencia para o establecemento e revisión dos citados obxectivos.

Por último, a Dirección do **Centro Integrado de Formación Profesional de COIA** está comprometida co cumprimento dos requisitos que poidan afectar ó funcionamento do centro, xa sexan de carácter legal, ou propios das esixencias da norma de referencia **UNE-EN-ISO 9001:2015** pola que se implanta o Sistema de Xestión de Calidade.

Esta Política de calidade, ten sido comunicada a todo o persoal do Centro, e todo o persoal do centro a comprende e asume.

|  |   |  |
|--|---|--|
| PREPARADO<br><br>Data: 22/11/2022 | REVISADO<br><br>Data: 22/11/2022 | APROBADO<br><br>Data: 22/11/2022 |
|--|---|--|